

"El Cheo fallece".
Fueves 26. Febrero - 1978.

OPINION 3

Helena Villar Janeiro

Os bos e xenerosos

TOMO prestado un verso de Eduardo Pondal que forma parte do noso himno e vóullelo referir a dous amigos que teñen merecido a honra de ser incluídos en tan honrosa nómina. Porque tiña pensado falarlles dun libro que acaba de publicar Victorino Pérez Prieto - co título doutro verso de Pondal, 'Do teu verdor cinguido' - e veu a morte recoller moito antes de tempo a outro gran traballador deste país, que tamén era amigo meu, o entrañable maxistrado Daniel García Ramos.

Pérez Prieto, crego que exerce misión pastoral na bisbarra ferrolá, é un representante desa igrexa nosa, encarnada neste pobo e a que eu me atrevo a considerar precisamente a máis universal por estar debidamente afin-

cada nun tempo, nun lugar e nunha xente. Leva aprofundando desde hai moito, e con finura por certo, na nosa realidade espiritual e cultural e xa tiña na rúa ou-



tros ensaios arredor do que significa ser crente en Galicia. Neste novo texto, publicado por Espiral Maior e presentado en Santiago por Andrés Torres e Carlos Vales, refírese ás relacións que han manter os cristiáns coa Terra, tanto coa que teñen máis próxima coma coa xeralidade dun planeta que ten que dar para nos mantermos todos e para acabar coa fame de tantísimos irmáns.

Tanto Victorino Pérez Prieto como Daniel García Ramos son dous exemplos de compromiso real con Galicia. E ambos empezaron por teren asumido sen ningunha reserva o elemento máis significativo e integrador de todos os galegos e galegas: a lingua propia. Algúns dos que traballamos na extinta Coordinación Docente de Lingua Galega recorreremos á xenerosidade de Daniel García Ramos para que co seu discurso, tan didáctico, fundamentado e entusiasta, argumentase xuridicamente as razóns que asisten a un educador para exercer a súa profesión en galego. Tratábamos de formar o profesorado consciente que asistía ás xornadas, fornecéndoo de razóns máis dialécticas que aquelas tan poderosamente sinxelas receitaadas por Celso Emilio Ferreiro nos seus poemas: "Lingua proletaria do meu pobo, eu fáloa porque si, porque me peta...". O maxistrado sabía desta necesidade, apoiaba o noso traballo e non se negaba a colaborar, todo o contrario. Que Deus llo presente agora no outro mundo.

Tanto Daniel como Victorino son dous exemplos de galegos íntegros e cabais, pois forman parte desa avanzadiña que se move cara á normalización lingüística e cultural do país, incluso propiciada polas leis. Eles, canda outros, nada teñen que ver cos moitos que ó pór a garabata (a toga, a sotana...) senten a necesidade de facerse valer abandonando a fala nai, a fala dos avós que temos mortos, para seguir parafraseando a Celso Emilio Ferreiro. Eles son dos bos e xenerosos e están no certo, creo eu. E doulles unha razón que me prestou, xa por segunda vez, unha meniña de seis anos que me oíu falar e me espetou: "O meu pai é galego". E aínda que me apresurei a lle dicir que os pais e as nais do país son todos galegos, marabilloume tan párvula lección: o uso da lingua está estreitamente relacionado co grado de galegitude.